

**14OUT2018**  
**A ESTRADA**  
**Carreira Popular**



# VIII Memorial MANUEL BERGUEIRO

2º PROBA PARA O VI CIRCUITO  
"CORRE A ESTRADA CORRE"

#### COLABORADORES

MIMELA | MAPFRE | CAFETERIA ALAMEDA | AUTOCARES GARCÍA | AGROBOTICA | O COPIÓN | HELVETIA SEGUROS | EXPRESS DE VEA | CRISTALERIA DURÁN | CAFÉ BOLICHE | PESCADOS RAFA CARBIA | ARGENTINOS BURGUER | STRADA CB | AMIFRUT | BUFETE MILLADOIRO | SÁNCHEZ CAMPOS ABOGADOS | VENTA VENDING | START MOTOR | WECOM CONSULTORA DE COMUNICACIÓN

**A PARTIR DAS 11:00 H**  
**INSCRICIÓNS TODAS AS CATEGORÍAS ATA XOVES 11**

MÁIS INFORMACIÓN : na páxina web [www.aestrada.gal](http://www.aestrada.gal) ou [www.emesports.es](http://www.emesports.es)  
e no correo electrónico [deportes@aestrada.es](mailto:deportes@aestrada.es)

Organiza



Supervisión  
Técnica



Dirección  
Técnica



Colabora



Inscripcións e  
Cronometraxe

EMESPORTS.ES

# “VIII MEMORIAL MANUEL BERGUEIRO”

CERORIESGO E REALE SEGUROS, organizan o Domingo día 14 de Outubro de 2018 a partir das 11:00 horas, en colaboración ca **Concellería de Deportes, Novas Tecnoloxías e Participación Cidadá do Concello da Estrada, Club Deportivo San Paio, CAI A Estrada e Atletismo A Estrada** o “*VIII Memorial Manuel Bergueiro*”. Esta proba é a segunda carreira puntuable para o VI Circuito “Corre A Estrada Corre”.

## **REGULAMENTO**

### **1.- PARTICIPANTES:**

A proba estará baixo a supervisión e control de **EmeSports**. Poderán participar atletas federados e non federados; Establecense as clasificacións según as idades que se detallan a continuación:

### **2.- CATEGORÍAS DOS PARTICIPANTES:**

Poderán participar todas as persoas, sexan ou non federadas, das seguintes categorías:

<b>PITUFOS:</b>	Atletas nados/as no ano 2013 e posteriores.
<b>PRE-BENXAMÍN:</b>	Atletas nados/as nos anos 2011 e 2012.
<b>BENXAMÍN:</b>	Atletas nados/as nos anos 2009 e 2010.
<b>ALEVÍN:</b>	Atletas nados/as nos anos 2007 e 2008.
<b>INFANTIL:</b>	Atletas nados/as nos anos 2005 e 2006.
<b>CADETE:</b>	Atletas nados/as nos anos 2003 e 2004.
<b>XUVENIL:</b>	Atletas nados/as nos anos 2001 e 2002.
<b>JUNIOR:</b>	Atletas nados/as nos anos 1999 e 2000.
<b>PROMESA:</b>	Atletas nados/as nos anos 1996, 1997 e 1998.
<b>SENIOR:</b>	Atletas nados/as entre os anos 1984 e 1995.
<b>VETERÁN/A <b>A</b>:</b>	Atletas nados/as entre 1974 e 1983.
<b>VETERÁN/A <b>B</b>:</b>	Atletas nados/as entre 1964 e 1973.
<b>VETERÁN/A <b>C</b>:</b>	Atletas nados/as no ano 1963 e anteriores.


### **3.- PERCORRIDOS:**

O percorrido da carreira absoluta seguirá un circuito de **3.200 metros** aproximadamente, que na proba absoluta terá un total de **9.600 metros**. O resto das probas faranse en dous circuitos de **800 metros e de 500 metros**.

<b>HORA</b>	<b>CATEGORÍA</b>	<b>DISTANCIA APROX</b>
<b>11:00 h</b>	CADETE XUVENIL/JUNIOR PROMESA SENIOR e VETERÁN	3.200 m (1 volta ó circuito C) 6.400 m (2 voltas ó circuito C) 9.600 m (3 voltas ó circuito C).
<b>12:20 h</b>	INFANTIL	1.600 m (2 voltas ó circuito B).
<b>12:40 h</b>	ALEVÍN	800 m (1 volta circuito B)
<b>12:50 h</b>	PREBENXAMÍN BENXAMÍN	500 m (1 volta circuito A)
<b>13:00 h</b>	PITUFOS	100 m
<b>13:15 h</b>	<b>ENTREGA DE PREMIOS</b>	

Os percorridos estarán indicados, controlados e sinalizados. A organización contará coa colaboración dos organismos municipais competentes, que regularán o tráfico o longo do percorrido ademais de servizo de ambulancia. A praza do Concello será punto de saída e chegada de todas as probas.

#### **Circuito A (Prebenxamín e benxamín):**



### **Circuito B (Alevin e Infantil):**



### **Circuito C (Xuvenil, Junior, Promesa, Senior e Veterán):**



## **4.- INSCRICIÓN:**

\* **ADULTOS:** (dende xuvenil ata veteranos) Ata o xoves día 11 de Outubro de 2018 as 23:59 horas na web [www.emesports.es](http://www.emesports.es) (única forma de inscrición). Unha vez dentro da páxina, seguir as instrucións para formalizar as inscricións que se desexen.

\* **ESCOLARES:** (dende pitufos a cadetes) Ata o xoves día 11 de Outubro de 2018 as 23:59 horas na web [www.emesports.es](http://www.emesports.es) (única forma de inscrición) onde deberán indicar os datos da inscrición requeridos.

A organización resérvase o dereito de aceptar inscricións fora de prazo. Non se aceptarán inscricións con datos incompletos ou sin todos os datos obrigatorios presentes no formulario de inscrición online.

Haberá un límite de 500 inscritos na proba absoluta.

Calquera dúbida relacionada co proceso de inscrición poderán dirixirse ó teléfono **886.153.589**.

Calquera dúbida relacionada coa organización da proba poderán dirixirse os teléfonos **986.570.030** ou no correo [deportes@astrada.es](mailto:deportes@astrada.es)

O **PREZO** da inscrición será o seguinte:

1. ADULTOS (xuvenil e superiores): **4,00 €**
2. CATEGORIAS ESCOLARES (de pitufo a cadetes): **GRATUITA**

Non se aceptarán as inscricións fora de prazo, con datos incompletos ou sen tódolos datos obrigatorios solicitados no formulario de inscrición.

## **5.- RETIRADA DE DORSAIS E CHIPS:**

Realizarase o día da proba na Praza da Constitución, diante do **Concello da Estrada**, a partir das **9:00h**.

**CONTROL CON CHIP:** As probas dende Xuvenil ata Veterans C estarán controladas a través dun **CHIP** que se entregará a cada corredor no momento da recollida do dorsal e que deberá colocarse na zapatilla antes da saída da súa proba.

**TODOS OS CORREDORES TEÑEN A OBRIGA DE DEVOLVER O CHIP O FINALIZAR A SÚA PROBA. AQUELES CORREDORES QUE NON ENTREGUEN O CHIP NON ENTRARAN NAS CLASIFICACIONES NIN RECIBIRÁN NINGUN TIPO DE OBSEQUIO, habilitaranse caixas para recollelos.**

## **6.- DESCUALIFICACIONES:**

Todo corredor/a que incumpra este regulamento poderá ser descualificado polos xuíces da FGA. As reclamacións deberán ser dirixidas ao Xuíz Árbitro da proba nun tempo máximo de 30 minutos dende a publicación dos resultados.

Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da FGA e RFEA.

## **7.- TROFEOS, PREMIOS e AGASALLOS:**

- **CATEGORIA ABSOLUTA:**

Trofeo os tres primeiros clasificados de cada categoría feminina e masculino DENDE XUVENIL ata VETERÁNS.

Trofeo e premio para ós 7 primeiros/as corredores/as en cruzar a linea de meta na proba, tanto en categoría feminina coma masculina, cos seguintes premios:

**Proba Masculina**

1º. Trofeo + 250€.

2º. Trofeo + 200€.

3º. Trofeo + 150€.

4º Trofeo + 125€.

5º. Trofeo + 100€.

6º. Trofeo + 75€.

7º. Trofeo + 50€.

**Proba feminina**

1º. Trofeo + 250€.

2º. Trofeo + 200€.

3º. Trofeo + 150€.

4º. Trofeo + 125€.

5º. Trofeo + 100€.

6º. Trofeo + 75€.

7º. Trofeo + 50€.

- **CATEGORÍAS ESCOLARES:**

Trofeo ós tres primeiros clasificados de cada categoría feminina e masculina dende BENXAMÍN ata CADETES.

Medallas para todos os participantes da categoría PITUFOS (ata fin de existencias).

- So se poderá optar a trofeo na categoría que corresponda o participante segundo a súa idade e na que figure inscrito en tempo e forma.

- Os premios non son acumulativos. Serán as clasificacións por categorías a partir do 4º clasificado absoluto.

- Entregarase unha camiseta conmemorativa da proba a cada participante, tanto escolar como absoluto ata esgotar existencias.

## **8.- OUTRAS CONSIDERACIÓNS REGULAMENTARIAS.**

A participación implica a total aceptación deste regulamento, e o descoñecemento do mesmo non exime do seu obrigado cumprimento.

**Haberá habilitado vestiarios no pavillón municipal Coto Ferreiro. O horario de apertura será a partir das 10:00 ata as 14:00 horas.**

Poderán consultar os resultados oficiais das probas nas web:

- [www.emesports.es](http://www.emesports.es)